

## Indicadores migratorios

### METODOLOXÍA

---

#### 1. Introducción

Segundo as recomendacións e directrices internacionais<sup>1</sup> en materia de estatística demográfica, defínense as *migracións* como as accións nas que unha persoa establece a súa residencia habitual nun territorio por un período superior a 12 meses, estando anteriormente a súa residencia noutra demarcación xeográfica distinta. En xeral non existen medicións directas deste fenómeno, a información sobre este tema procede de fontes cuxo obxectivo inicial non é medir as migracións e en realidade o que proporcionan son aproximacións á súa cuantificación.

Os “Indicadores migratorios” do IGE clasifican as migracións tomando como unidade xeográfica de referencia a comunidade autónoma; serán *interiores* as que teñan orixe e destino un concello galego, e *exteriores* as que teñan como orixe ou destino o resto de España ou o estranxeiro. Estes movementos agrúpanse segundo sexo, grupos de idade e nacionalidade, e así calcúlanse saldos migratorios, taxas de emigración/inmigración ou idades medias á migración. Ademais inclúese outra información relacionada co fenómeno migratorio, como son os datos sobre residentes estranxeiros en Galicia ou sobre poboación galega residente no estranxeiro.

#### 2. Obxectivos

Os obxectivos principais dos “Indicadores migratorios” son:

- Describir a intensidade relativa do fenómeno migratorio en cada concello de Galicia, a través do cálculo de saldos migratorios e taxas de emigración/inmigración.
- Describir as características sociodemográficas das persoas migrantes en Galicia e dos galegos e galegas residentes no estranxeiro.

#### 3. Definicións

**Residencia habitual:** lugar no que a persoa pasa normalmente o período diario de descanso, sen contar as ausencias temporais por motivos de ocio, vacacións, visitas a amigos ou parentes, negocios, etc.; no seu defecto, o lugar de residencia legal ou rexistrada.

---

<sup>1</sup> Regulamento 862/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre estatísticas comunitarias no ámbito da migración e a protección internacional.

**Movemento migratorio ou migración:** cambio de residencia habitual de individuos dun territorio.

**Movemento migratorio interior:** movemento migratorio con orixe e destino un concello galego.

**Movemento migratorio exterior:** movemento migratorio con orixe ou destino o resto de España ou o estranxeiro.

**Emigración:** movemento migratorio de saída dun territorio a outro.

**Inmigración:** movemento migratorio de entrada a un territorio procedente doutro.

**Saldo migratorio:** diferenza entre as emigracións e as inmigracións dun territorio.

**Idade media á migración:** media aritmética das idades das persoas que migran.

**Taxa (bruta) de emigración/inmigración:** número de emigracións/inmigracións por cada 1000 habitantes do territorio.

**Taxa específica de emigración/inmigración dun grupo de idade:** número de emigracións/inmigracións de persoas do grupo de idade, por cada 1000 habitantes dese grupo de idade.

**Poboación galega residente no estranxeiro:** persoas inscritas por algún concello galego no *Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero* (PERE).

#### 4. Variables de clasificación

A unidade xeográfica de referencia é Galicia; os movementos migratorios con orixe ou destino na comunidade autónoma clasifícanse como movementos *interiores*, cando tanto a orixe como o destino do movemento migratorio son un territorio de Galicia, ou como movementos *exteriores*, cando ou ben a orixe ou ben o destino están fóra de Galicia (outra comunidade autónoma ou o estranxeiro).

Nos indicadores nos que é posible utilízanse variables de clasificación coa seguinte desagregación:

- Ámbito xeográfico: concellos, comarcas, provincias.
- Sexo: total, homes, mulleres.
- Grupo de idade: menores de 16 anos, de 16 a 24 anos, de 25 a 34 anos, de 35 a 44 anos, de 45 a 54 anos, de 55 a 64 anos, de 65 ou máis anos.

- Grao de urbanización<sup>2</sup>: zonas densamente poboadas (ZDP),  
zonas intermedias de poboación (ZIP),  
zonas pouco poboadas (ZPP).
- Nacionalidade: española, non española (inclúe apátridas).
- Lugar de nacemento: naceu en Galicia,  
naceu noutra comunidade autónoma de España,  
naceu no estranxeiro,  
sen información sobre o lugar de nacemento.

## 5. Cálculo dos indicadores

### Saldos migratorios:

Saldo migratorio: diferenza entre inmigracións (entradas) e emigracións (saídas) dun territorio,

$$S = Inmigr - Emigr$$

Saldo migratorio por 1000 habitantes:  $S = 1000 \times \frac{Inmigr - Emigr}{Pob}$

### Taxas de emigración/inmigración:

Taxa bruta de emigración: emigracións (saídas) por cada 1000 habitantes:

$$TBE = 1000 \times \frac{Emigr}{Pob}$$

Taxa bruta de inmigración: inmigracións (entradas) por cada 1000 habitantes:

$$TBI = 1000 \times \frac{Inmigr}{Pob}$$

Taxa específica de emigración: emigracións (saídas) do colectivo por cada 1000 habitantes dese colectivo:

$$TE_{grupo} = 1000 \times \frac{Emigr_{grupo}}{Pob_{grupo}}$$

Taxa específica de inmigración: inmigracións (entradas) do colectivo por cada 1000 habitantes dese colectivo:

<sup>2</sup> Segundo a clasificación GU-2016 do IGE.

[http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?paxina=001&c=0701&gnp=0&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8444&R=991\[all\]&C=0\[all\]&F=&S=](http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?paxina=001&c=0701&gnp=0&ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=8444&R=991[all]&C=0[all]&F=&S=)

$$TI_{grupo} = 1000 \times \frac{Inmigr_{grupo}}{Pob_{grupo}}$$

Utilízase como poboación nos respectivos denominadores o promedio<sup>3</sup> para cada ano das *Cifras poboacionais de referencia* do IGE.

### Idades medias á migración:

Idade media á migración<sup>4</sup>: media aritmética das idades das persoas que migraron no período de tempo.

$$IMeMigr = \frac{\sum(x + 0,5) \cdot N_{migr}}{\sum N_{migr}}$$

Sendo x a idade á que se produciu a migración, que pode tomar valores desde 0 ata os 100 anos (as persoas de máis de 100 anos considéranse de 100 anos), e  $N_{migr}$  o número de migracións contabilizadas.

## 6. Fontes de información

- *Estadística de Variaciones Residenciales* (EVR) do INE, que recolle a explotación da información relativa ás altas e baixas por cambios de residencia rexistradas nos Padróns municipais de habitantes, con data de variación o ano de referencia. A partir desta fonte obtéñense os indicadores relativos a saldos migratorios, taxas de migración e idades medias á migración.
- *Padrón Municipal de Habitantes* do INE, do que se extrae a información sobre a poboación estranxeira residente en Galicia.
- *Padrón de españoles residentes en el extranjero* (PERE) do INE, que recolle os casos de persoas de nacionalidade española que viven habitualmente fóra de España.
- *Proxeccións de poboación* do IGE, que proporcionan o saldo migratorio que se produciría no horizonte da proxección de manterse as condicións demográficas do momento da súa elaboración.

## 7. Difusión dos indicadores

Os *Indicadores migratorios* difúndense con periodicidade anual na web do IGE, clasificados nos seguintes apartados:

<sup>3</sup>  $Pob\ promedio_t = \frac{Pob_t + Pob_{t+1}}{2}$ , sendo  $Pob_t$  a poboación no 1 de xaneiro do ano t

<sup>4</sup> O termo “migración” fai referencia a emigracións ou inmigracións, segundo corresponda en cada caso

- Saldos migratorios
- Taxas de emigración/inmigración
- Idades medias á migración
- Poboación estranxeira en Galicia
- Galegos e galegas residentes no estranxeiro.